




Xosé Manuel Portela Fernández, presidente do Comité de Empresa do PAS
laboral de administración e servizos,



EXPOÑO

1. Que o día 30 de marzo deste ano se publicou a convocatoria para a colaboración coas comisións delegadas das probas de acceso á universidade do persoal de administración e servizos.
2. Que dentro dos criterios de selección para o persoal administrativo, se esixe ser funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.
3. Que na listaxe de persoas seleccionadas que se publicou o día de onte aparecen excluídos compañeiros/as laborais fixos alegando que non son persoal administrativo.
4. Que dita exclusión vulnera os dereitos do persoal laboral de administración e servizos e contravén o que establece a convocatoria de colaboración.
5. Que o comité de empresa, reunido no día de hoxe, decidiu por unanimidade dos seus membros, solicitar que o persoal laboral fixo poida concorrer á colaboración nas probas de acceso en pé de igualdade co persoal funcionario.

É por todo o anterior, polo que

SOLICITO

1. Se Revise a listaxe que foi publicada o día 11 de abril deste ano e sexan admitidas aquelas persoas que reúnan o requisito de ser persoal laboral fixo

A Coruña, 12 de abril de 2012

O presidente do Comité de Empresa

Asdo. Xosé Manuel Portela Fernández

XERENTE